



LA DOLCE VITA

Italia | 1960 | 174 min | Comedia

DIRECTOR Federico Fellini

GUIÓN Federico Fellini, Ennio Flaiano, Tullio Pinelli, Brunello Rondi

MÚSICA Nino Rota

INTÉRPRETES Marcello Mastroianni, Anita Ekberg, Anouk Aimée, Yvonne Furneaux, Magali Noël, Alain Cuny, Annibale Ninchi, Walter Santesso, Lex Barker, Jacques Sernas, Nadia Gray, Valeria Ciangottini, Riccardo Garrone, Ida Galli, Audrey McDonald, Polidor, Enrico Glori

SINOPS* Marcello Rubini é un xornalista na busca de celebridades, que se move con insatisfacción nas festas nocturnas que celebra a burguesía da época. Cando se decata de que Sylvia, unha célebre diva do mundo do cinema, chega a Roma, cre que esta é unha grande oportunidade para conseguir unha gran noticia e, en consecuencia, perseguiraa polas festas nocturnas da cidade. Nesa viaxe, Marcello establece amizade cun intelectual existencialista ao que admira e que lle revela a visión deprimente dese mundo exorbitado e baleiro.

Vinte anos sen Fellini e vai resultar que a película de moda, o filme máis cool desta tempada, é a radiografía dunha Roma sometida a un vórtice de mundanidade, á decrepitude desa orxía perpetua que percibimos a través da mirada desencantada e cínica dun cronista de sociedade que viviu e foi aleitado nas entrañas do monstro e que sabe mellor que ninguén da súa vaciedade visceral. Ouza, pero iso non é *La dolce vita*? Non, trátase de *La grande bellezza*, película que dirixiu un cineasta á *la page*, que estaba moi lonxe de nacer cando Anita Ekberg se conxelaba rodando empapada na Fontana di Trevi baixo o frío final do inverno romano de 1960.

Pero, entón, nada cambiou en Roma en máis de cincuenta anos? Si, non crea vostede que non sucederon cousas. O país viviu o seu milagre económico, pasou a ser a sexta potencia industrial do mundo, pero cando ameazou con voar por libre e desafiar as grandes multinacionais do petróleo, estrelose casualmente contra o chan o avión no que viaxaba Enrico Mattei, o ideólogo da autonomía petrolífera italiana, en alianza con Libia.

Ouza, si que pasaron cousas neses cincuenta anos que van de Marcello a Jep Gambardella. Un tal Borghese, alcumado o Príncipe, preparou un golpe de estado fascista, unha especie de segunda marcha sobre Roma, pero parece que a CIA non as tiña todas consigo e aquilo aprazouse até mellor hora. Esa aristocracia que se interpretaba a sí mesma na película de Fellini, para escándalo de *L'Osservatore Romano*, botouse en brazos da extrema dereita, entón chamada Ordine Nuovo, ante o temor á puxanza do Partido Comunista. Pero alí estaba Giulio Andreotti, para facer os axustes necesarios, as mortalidades de estado, para que o sangue vermello non chegase ao Quirinale.

Ah, si, neses cincuenta anos que van de *La dolce vita* a *La grande bellezza*, Andreotti tivo tempo de ser sete veces primeiro ministro da Segunda República. E finalmente, unha vez condenado por facerlle garatuxas ao *capo dei tutti capi* palermitano, tivo o detalle de morrer, disto fai apenas uns meses. Antes

diso, Andreotti estivo a favor de que as Brigadas Vermellas executasen a Aldo Moro, e de que Pier Paolo Pasolini, que tanta man lles botara a Fellini, Ennio Flaiano e Tullio Pinelli na construción do guión de *La dolce vita*, Pasolini, o intelectual indomeable, fose liquidado e todo se fixese pasar por un asunto de *ragazzi di vita*, as malas compañías de Pier Paolo, vostedes xa saben...

No que vai da Roma de Fellini e de Paparazzo á de Sorrentino e Jep Gambardella tamén houbo tempo para que Italia gañase dous mundiais, e para que a Juve fose descendida á Segunda División pola federación, no que foi o Moggigate, a *tangentopoli* do Calcio, que foi case paralela á *tangentopoli* política que levou por diante o sistema de partidos, esencialmente os que mandaban, todos en *comandita* para evitar o *sorpasso* comunista de Togliatti, logo de Berlinguer: isto é, que desapareceron dunha tacada todas as familias da Democracia Cristiá (ben, menos Andreotti, quen aínda intrigou un bocado) e o Partido Socialista de Bettino Craxi, tan amigo do noso Felipe González. Craxi, que acabou os seus días no exilio dourado da costa de Tunes, tamén era íntimo de Silvio Berlusconi e, antes de partir para Hammamet, deixou colocado o seu compadre, a quen lle concedeu o oligopolio das televisións privadas, a presidencia do Milan resucitado, e o lume e a palabra da rexeneración. Porque nese medio século que vai de Fellini a Sorrentino, Italia viviu unha primeira rexeneración cuxo Cromwell puritano foi Berlusconi. Mandou, desde a presidencia do Goberno, ou ben na flamíxera oposición, durante vinte anos. E tivo bastante que ver co renacemento dunha *dolce vita*, que como todo na historia, só puido repetirse como farsa crúa e dantesca: as *velinas*, o *bunga-bunga*, as orxías á maneira de *Pepito Piscinas*. Menos mal que Marcello, Fellini, Nino Rota ou Alain Cuny xa non viviron para cantalo. E a Anita Ekberg, que sempre estivo *au-dessus de la mêlée*, pillouna algo lonxe o renacemento.



Ah, dime vostede que *La grande bellezza* se refire precisamente ao *bunga-bunga*? Ben, é posible, Raffaella Carrá aínda non estaba en *La dolce vita*, certo, certo. Pero non se nota moita evolución ideolóxica da *vita dolce* á *vita bella*, para tantas cousas como aconteceron nese medio século. Tamén ocorreu que o Vaticano pasou de Xoán XXIII a Francisco, ou Bergoglio, que é como o Carlos Latre do Papa Roncalli. E, entremedias, pasaron tres papados: o de Pablo VI, un tipo raro que non sabía que detestaba máis, se *La dolce vita* de Fellini, que deostou *urbi et orbe*, ou a Franco, a quen lle daba algo máis que beliscos de

monxa. O de Juan Pablo I, Albino Luciani, que nos demostrou que aos albinos non só os esnaquizan na África subsahariana, senón que incomodan en todas as partes. O de Wojtila, que nos ensinou que hai ditaduras boas, como as de Videla ou Pinochet, e odiosas e susceptibles de seren aniquiladas como as comunistas. E o de Ratzinger, que dimitiu porque non sabía levar os pantalóns entre tanto camarlengo e agora vive coma a raíña nai, na casa da pradeira.

Xa sei que todo este movemento en San Pedro tampouco se percibe moito no salto de *La dolce vita* a *La grande bellezza*: na primeira, a immanencia de pedra da relixiosidade abre a película, con ese Cristo transportado en helicóptero, e no de Sorrentino hai un *cameo* da Nai Teresa e un bispo que parece saído de *Master Chef* ou de *Moros y cristianos*.

Claro, a min non deixa de chamarme a atención que Fellini, que á fin e ao cabo falaba dun país recentemente niquelado socialmente, que ascendía á opulencia do capitalismo industrial, nos brinde unha película escura, por veces mesmo lúgubre, como unha longa viaxe cara á noite. E que en

cambio Sorrentino, cuxa Italia é a dos PIGS do subcontinente europeo dos necesitados ou a dos cadáveres de Lampedusa, pareza recrearse na vistosidade frívola dos flamengos levantando o voo. En realidade, eu creo que Fellini posuía unha cosmogonía, e Sorrentino, unha Instagram. Igual que sinto que mentres o Marcello de *La dolce vita* se move nunha quebra moral que está á altura da partitura de Nino Rota, que non o abandona no seu devir pola festa brava, o Jep Gambardhella de *La grande bellezza* extinguese nunha lacrimóxena partitura que parece remitir ao verán azul de *Cinema Paradiso* e Tornatore/Morricone.

Ben, ao cabo, Mastroianni rolda nas tres horas de *La dolce vita* a idea do suicidio, mentres que o dilema de Toni Servillo no curso dos cento cincuenta minutos da *bellezza sorrentiniana* é mollar no cóctel de xenebra unha oliva ou *aggiornarse* e pasarse ao cogombro.

José Luis Losa



SINOPSIS Marcello Rubini es un periodista en busca de celebridades, que se mueve con insatisfacción en las fiestas nocturnas que celebra la burguesía de la época. Cuando se entera de que Sylvia, una célebre diva del mundo del cine, llega a Roma, cree que esta es una gran oportunidad para conseguir una gran noticia y, en consecuencia, la perseguirá por las fiestas nocturnas de la ciudad. En ese viaje, Marcello entabla amistad con un intelectual existencialista al que admira y que le revela la visión deprimente de ese mundo exorbitado y vacío.

—
Veinte años sin Fellini y va a resultar que la película de moda, el film más *cool* de esta temporada, es la radiografía de una Roma sometida a una vorágine de mundanidad, a la decrepitud de esa orgía perpetua que percibimos a través de la desencantada y cínica mirada de un cronista de sociedad que ha vivido y ha sido amamantado en las entrañas del monstruo y que sabe mejor que nadie de su vaciedad visceral. Oiga, ¿pero eso no es *La dolce vita*? No, se trata de *La grande bellezza*, película que ha dirigido un cineasta *à la page*, que estaba muy lejos de haber nacido cuando Anita Ekberg se congelaba rodando empapada en la Fontana di Trevi bajo el frío final del invierno romano de 1960.

Pero, entonces, ¿nada ha cambiado en Roma en más de cincuenta años? Sí, no crea usted que no han sucedido cosas. El país vivió su milagro económico, pasó a ser sexta potencia industrial del mundo, pero cuando amenazó con volar por libre y desafiar a las grandes multinacionales del petróleo, se estrelló casualmente contra el suelo el avión en el que viajaba Enrico Mattei, el ideólogo de la autonomía petrolífera italiana, en alianza con Libia.

Oiga, si que han pasado cosas en esos cincuenta años que van de Marcello a Jep Gambardhella. Un tal Borghese, apodado el Príncipe, preparó un golpe de Estado fascista, una especie de segunda Marcha sobre Roma, pero parece que la CIA no las tenía todas consigo y aquello se aplazó hasta mejor hora. Esa aristocracia que se interpretaba a sí misma en la película de Fellini, para escándalo de *L'Osservatore Romano*, se echó en brazos de la extrema derecha, entonces llamada Ordine Nuovo, ante el temor a la pujanza del Partido Comunista. Pero allí estaba Giulio Andreotti, para hacer los ajustes

necesarios, las mortandades de Estado, para que la sangre roja no llegara al Quirinale.

Ah, sí, en esos cincuenta años que van de *La dolce vita* a *La grande bellezza*, Andreotti tuvo tiempo de ser siete veces primer ministro de la Segunda República. Y finalmente, una vez condenado por hacerse arrumacos con el *capo di tutti capi* palermitano, tuvo el detalle de morirse, hace de esto solo unos meses. Antes de eso, Andreotti estuvo a favor de obra de que las Brigadas Rojas ejecutasen a Aldo Moro, y de que Pier Paolo Pasolini, que tanta mano había echado a Fellini, Ennio Flaiano y Tullio Pinelli en la construcción del guión de *La dolce vita*, Pasolini, el intelectual indomeñable, fuese liquidado y todo se hiciese pasar por un asunto de *ragazzi di vita*, las malas compañías de Pier Paolo, ustedes ya saben... En lo que va de la Roma de Fellini y de Paparazzo a la de Sorrentino y Jep Gambardhella también hubo tiempo para que Italia ganase dos mundiales, y para que la Juve fuese federativamente descendida a Segunda División, en lo que fue el Moggigate, la *tangentopoli* del Calcio, que fue casi paralela a la *tangentopoli* política que se llevó por delante el sistema de partidos, esencialmente a los que mandaban, todos en comandita para evitar el *sorpasso* comunista de Togliatti, luego de Berlinguer: esto es, que desaparecieron de una tacada todas las familias de la Democracia Cristiana (bueno, menos Andreotti, quien aún intrigó un rato) y el Partido Socialista de Bettino Craxi, tan amigo de nuestro Felipe González. Craxi, que acabo sus días en el exilio dorado de la costa de Túnez, también era íntimo de Silvio Berlusconi y, antes de partir para Hammamet, dejó colocado a su compadre, al que concedió el oligopolio de las televisiones privadas, la presidencia del Milan resucitado, y el fuego y la palabra de la regeneración. Porque en ese medio siglo que va de Fellini a Sorrentino, Italia vivió una primera regeneración cuyo Cromwell puritano fue Berlusconi. Mandó, desde la presidencia del Gobierno, o bien en la flamígera oposición, durante veinte años. Y tuvo bastante que ver con el renacimiento de una *dolce vita*, que como todo en la historia, solo pudo repetirse como farsa cruda y dantesca: las *velinas*, el *bunga-bunga*, las orgías a lo *Pepito Piscinas*. Menos mal que Marcello, Fellini, Nino Rota o Alain Cuny ya no vivieron para contarlos. Y a Anita Ekberg, que siempre estuvo *au-dessus de la mêlée*, la pilló algo lejos el renacimiento.

Ah, que a lo del *bunga-bunga* es a lo que se refiere *La grande bellezza*, me dice usted. Bueno, es posible, Rafaella Carrá aún no estaba en *La dolce vita*, cierto, cierto. Pero no se nota mucha evolución ideológica de la *vita dolce* a la *vita bella*, para tantas cosas como sucedieron en ese medio siglo. También ocurrió que el Vaticano pasó de Juan XXIII a Francisco, o Bergoglio, que es como el Carlos Latre del Papa Roncalli. Y, entremedias, pasaron tres papados: el de Pablo VI, un tipo raro que no sabía qué detestaba más, si *La dolce vita* de Fellini, a la que denotó *urbi et orbe*, o a Franco, al que le daba algo más que *pellizcos de monja*. El de Juan Pablo I, Albino Luciani, que nos demostró que a los albinos no solo se los despedaza en el África subsahariana, que incomodan en todas partes. El de Wojtila, que nos enseñó que hay dictaduras buenas, como las de Videla o Pinochet, y odiosas y aniquilables como las comunistas. Y el de Ratzinger, que dimitió porque no sabía llevar los pantalones entre tanto camarlengo y ahora vive como la reina madre, en la casa de la pradera.

Ya sé que todo este movimiento en San Pedro tampoco se percibe mucho en el salto de *La dolce vita* a *La grande bellezza*: en la primera, la inmanencia de piedra de la religiosidad abre la película, con ese Cristo transportado en helicóptero, y en lo de Sorrentino hay un *cameo* de la Madre Teresa y un obispo que parece salido de *Master Chef* o de *Moros y cristianos*.

Claro, a mí no deja de llamarme la atención que Fellini, que al fin y al cabo hablaba de un país recién niquelado socialmente, que ascendía a la opulencia del capitalismo industrial, nos brinde una película oscura, a ratos lúgubre, como un largo viaje hacia la noche. Y que en cambio Sorrentino, cuya Italia es la de los PIGS del subcontinente europeo de los menesterosos o la de los cadáveres de Lampedusa, parezca recrearse en la vistosidad frívola de los flamencos levantando el vuelo. En realidad, yo creo que Fellini poseía una cosmogonía, y Sorrentino, una Instagram. Igual que siento que mientras el Marcello de *La dolce vita* se mueve en una quiebra moral que está a la altura de la partitura de Nino Rota, que no lo abandona en su devenir por la fiesta brava, el Jep Gambardhella de *La grande bellezza* se extingue en una lacrimógena partitura que parece remitir al verano azul de *Cinema Paradiso* y Tornatore/Morricone. Bueno, a la postre, Mastroianni ronda en las tres horas de *La Dolce Vita* la idea del suicidio, mientras que el dilema de Toni Servillo en el curso de los ciento cincuenta minutos de la *bellezza sorrentiniana* es si remojar en el cóctel de ginebra una aceituna o *aggiornarse* y pasarse al pepino.

José Luis Losa